



OURENSE, A VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 17-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA ABSOLUTA DH 25/26

Equipos participantes: C.W. LUGO - R.C. NÁUTICO DE VIGO

Día, hora e lugar: 10/5/26; 10:30 horas; Piscina Municipal Frigsa

FEITOS

PRIMEIRO.- Con data 11 de maio de 2026 foi remitida a este Xuíz Único acta e anexo do encontro de waterpolo disputado o día 10 de maio de 2026 entre os equipos C.W. LUGO e R.C. NÁUTICO DE VIGO, correspondente á Liga Galega Absoluta DH 2025/2026.

No anexo da acta arbitral recóllese literalmente o seguinte:

"Por outro lado, ao finalizar o 3º período, o xogador 12 do equipo local, Carlos Malatesta Álvarez, manifesta que o xogador nº 9 do equipo visitante, Lucas Collazo Mosquera, lle di 'vete ao teu país'. Todo isto sucede nunha proximidade próxima ao bordo e á colexiada, e esta non escoita nada. O xogador visitante négao en todo momento. Ao finalizar o partido o xogador nº 12 do equipo local, ao saudar ao equipo visitante, párase diante do nº 9 visitante e encárase con el e recrimínalle as 'supostas' actitudes anteriores. O xogador visitante evita o conflito tratando de pasar de longo."

SEGUNDO.- O mesmo día 11 de maio de 2026, horas máis tarde, foi remitido a este Xuíz Único escrito subscrito polo xogador do C.W. Lugo, D. Carlos Malatesta Álvarez, no que denunciaba que, durante o terceiro período do encontro, o xogador nº 9 do R.C. Náutico de Vigo, D. Lucas Collazo Mosquera, se tería dirixido a el coa expresión literal "Por que non te vas ao teu país?", cualificando tal expresión como conduta discriminatoria por razón de orixe nacional.

No devandito escrito tamén se facía constar que o xogador denunciante tería posto os feitos en coñecemento da colexiada durante o partido, que esta non adoptou medida disciplinaria ningunha ao non ter percibido directamente a expresión, e que, con posterioridade ao encontro, o xogador denunciado se tería achegado ao denunciante para pedirlle desculpas, se ben, sempre segundo a versión do denunciante, sen aceptar deixar constancia formal dos feitos ante a mesa ou ante o equipo arbitral.

TERCEIRO.- Por resolución deste Xuíz Único de data 15 de maio de 2026 acordouse dar trámite de audiencia ao interesado, de conformidade co artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación.

Na mesma resolución requiriuse expresamente ao xogador do C.W. Lugo, D. Carlos Malatesta Álvarez, para que, no prazo de dous días, manifestase por escrito posibles persoas que puidesen ter escoitado o comentario denunciado, ou calquera outro medio de proba que corroborase periféricamente as súas manifestacións.

CUARTO.- Con data 20 de maio de 2026 foron presentadas alegacións por D. Lucas Collazo Mosquera e polo Real Club Náutico de Vigo.

No devandito escrito recoñécese a existencia dun cruce de palabras entre ambos xogadores durante unha xogada do encontro, mais négase de forma expresa e categórica que D. Lucas Collazo Mosquera

pronunciase a expresión denunciada ou calquera outra alusión ao país, nacionalidade ou orixe de D. Carlos Malatesta Álvarez.

O xogador denunciado sostén que, de terse producido algunha expresión no contexto da xogada, esta sería do tipo “déixame en paz”, “lárgate de aquí” ou similar, mais nunca unha referencia ao país de orixe do xogador local. Así mesmo, rexeita que a posterior aproximación ao xogador denunciante supuxese recoñecemento dos feitos, afirmando que a finalidade era exclusivamente rebaixar a tensión xerada.

QUINTO.- O Real Club Náutico de Vigo presentou igualmente escrito autónomo de denuncia fronte ao xogador D. Carlos Malatesta Álvarez, no que se lle atribúen actuacións antideportivas, agresivas e ameazantes durante a parte final do encontro, no saúdo regulamentario posterior e, posteriormente, na grada.

A devandita denuncia foi presentada cando o expediente xa estaba incoado e en fase de audiencia fronte ao xogador D. Lucas Collazo Mosquera, e despois de ter recibido o club e o xogador visitante traslado da denuncia inicial formulada por D. Carlos Malatesta Álvarez.

SEXTO.- Na documentación obrante no expediente non consta que ningunha das colexiadas, auxiliares de mesa, membros da organización, xogadores alleos ás partes directamente implicadas ou terceiros imparciais teñan percibido de forma directa a expresión denunciada por D. Carlos Malatesta Álvarez.

Tampouco consta gravación audiovisual, declaración testifical formal, recoñecemento escrito ou verbal documentado do xogador denunciado, nin outro elemento probatorio externo que permita corroborar de maneira periférica o extremo nuclear da denuncia, isto é, que D. Lucas Collazo Mosquera pronunciase a expresión “vete ao teu país” ou “Por que non te vas ao teu país?”.

Pola contra, a acta arbitral deixa constancia de tres extremos obxectivos: primeiro, que o xogador local manifestou tal feito; segundo, que a colexiada non escoitou a expresión; e terceiro, que o xogador visitante negou en todo momento a súa realización.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO.- Competencia do Xuíz Único.

Este Xuíz Único é competente para coñecer e resolver as incidencias disciplinarias producidas en competicións territoriais de waterpolo da Federación Galega de Natación, de conformidade cos Estatutos da FEGAN, co Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN e coa Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/2026.

O artigo 16 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN establece que os órganos disciplinarios da FEGAN son, en primeira instancia, o Comité de Competición ou Xuíz Único, e, en segunda instancia, o Comité de Apelación.

O artigo 17 do mesmo texto atribúe ao Comité de Competición a resolución das incidencias e infraccións que poidan producirse nas competicións deportivas de ámbito rexional de cada unha das modalidades integradas na Federación, con plenas facultades para impor as sancións regulamentarias que procedan.

Así mesmo, a Circular 25-43, Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/2026, por ser a regulación máis actual achegada ao expediente, dispón que, para resolver as incidencias que poidan producirse nas competicións territoriais de liga, actuará o Comité de Competición da FEGAN, Xuíz Único, rexéndose polo Regulamento de Waterpolo de World Aquatics/FINA, polo Regulamento da RFEN e pola normativa de waterpolo da FEGAN.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO.- Normativa aplicable e principio de regulación máis actual.

A resolución do presente expediente debe realizarse conforme ao Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, aos Estatutos da FEGAN, á Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/2026, á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, na súa redacción vixente, e aos principios xerais do dereito administrativo sancionador.

A existencia dunha normativa xeral de waterpolo da tempada 2023/2024 e doutra correspondente á tempada 2025/2026 determina que, en caso de contradición, deba aplicarse a regulación máis actual e propia da tempada na que se produciron os feitos, isto é, a Circular 25-43, tempada 2025/2026.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO.- Tipificación abstracta da conduta denunciada.

A expresión atribuída ao xogador D. Lucas Collazo Mosquera, de terse acreditado nos termos denunciados, podería ter encaixe, en abstracto, no artigo 6.I.1.a) do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, relativo aos insultos e ofensas a deportistas, xuíces, árbitros, técnicos, dirixentes e demais autoridades deportivas; ou, en función da súa concreta gravidade, contexto e alcance discriminatorio, no artigo 6.I.1.d), relativo a proferir palabras ou executar actos que atenten contra a integridade ou dignidade das persoas adscritas á organización deportiva.

Non obstante, a tipificación abstracta dunha conduta non exonera ao órgano disciplinario da obriga de declarar previamente probados os feitos sobre os que se pretende fundar a responsabilidade. O dereito sancionador, tamén no ámbito federativo, non sanciona hipóteses, sospeitas ou versións non contrastadas, senón feitos

suficientemente acreditados mediante proba de cargo válida e bastante.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO.- Valor da acta arbitral e alcance da súa presunción de veracidade.

A acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" respecto daqueles feitos directamente percibidos polos árbitros ou polos membros do xurado no exercicio das súas funcións.

Agora ben, a devandita presunción non pode estenderse a extremos que a propia acta declara expresamente non percibidos pola colexiada.

Neste caso, a acta non afirma que D. Lucas Collazo Mosquera pronunciase a expresión denunciada. A acta límitase a deixar constancia de que o xogador D. Carlos Malatesta Álvarez manifestou que tal expresión se producira, engadindo a propia colexiada que ela "non escoita nada", e recollendo igualmente que o xogador visitante "négao en todo momento".

Polo tanto, a presunción de veracidade da acta cobre a existencia da manifestación do xogador local, a ausencia de percepción directa da colexiada e a negativa do xogador visitante, pero non acredita por si soa a realidade da expresión imputada.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO.- Presunción de inocencia, carga da proba e suficiencia probatoria.

A potestade disciplinaria federativa, cando se exerce sobre competicións oficiais e licenzas federativas, constitúe unha manifestación do dereito sancionador público ou para-público, e queda sometida aos principios esenciais do ordenamento sancionador: legalidade, tipicidade, responsabilidade persoal, proporcionalidade, contradición e presunción de inocencia.

A presunción de inocencia esixe que toda declaración de responsabilidade sancionadora se funde nunha mínima actividade probatoria de cargo, válida, suficiente e racionalmente valorada. A carga de acreditar os feitos constitutivos da infracción recae sobre quen sostén a imputación, sen que o denunciado estea obrigado a probar a súa inocencia nin a acreditar un feito negativo, como é non ter pronunciado unha concreta expresión nun lance de xogo.

A doutrina constitucional ten declarado reiteradamente que a presunción de inocencia rexe sen excepcións no ordenamento sancionador, penal ou administrativo, e que calquera insuficiencia no resultado das probas practicadas debe traducirse nun pronunciamento absolutorio ou de non responsabilidade.

O presente expediente esixe distinguir con precisión dous planos:

a) A seriedade institucional da denuncia, pois as expresións discriminatorias no deporte son radicalmente incompatibles cos principios de igualdade, respecto e dignidade que deben presidir toda competición federada.

b) A suficiencia probatoria necesaria para impor unha sanción, pois a gravidade do feito denunciado non permite relaxar as garantías do procedemento sancionador, senón que obriga precisamente a extremar o rigor probatorio e a motivación.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEXTO.-

Ausencia de corroboración periférica da denuncia formulada por D. Carlos Malatesta Álvarez.

Neste expediente existe unha imputación persoal formulada por D. Carlos Malatesta Álvarez e unha negativa frontal, constante e expresa de D. Lucas Collazo Mosquera.

A declaración dun denunciante pode, en determinados supostos, constituír proba suficiente para fundar unha decisión sancionadora, sempre que presente consistencia interna, persistencia, ausencia de elementos externos de incredibilidade e, de maneira especialmente relevante cando non existe percepción directa por árbitros ou terceiros imparciais, algún elemento de corroboración periférica.

No presente caso, tal corroboración non existe.

A acta arbitral non corrobora a expresión denunciada, senón que afirma que a colexiada non a escoitou. Non consta declaración testifical de xogador, técnico, árbitro, auxiliar de mesa ou espectador imparcial que escoitase a frase. Non consta gravación audiovisual. Non consta parte, informe complementario nin documento externo que confirme a expresión. Non consta tampouco recoñecemento formal do denunciado.

Ademais, existe unha oscilación literal relevante entre a frase recollida no anexo da acta –“vete ao teu país”– e a frase consignada no escrito do denunciante –“Por que non te vas ao teu país?”–. A diferenza non é decisiva por si soa, mais si reforza a necesidade de contar con algún elemento externo de corroboración antes de poder declarar probado o feito con consecuencias sancionadoras.

Non pode obviarse, así mesmo, que este Xuíz Único requiriu expresamente ao denunciante para que identificase persoas que puidesen ter escoitado o comentario ou outro medio de proba que corroborase periféricamente as súas manifestacións. Ese elemento corroborador non foi achegado ao expediente.

En consecuencia, non existe proba de cargo suficiente para declarar acreditado que D. Lucas Collazo Mosquera pronunciase a expresión discriminatoria denunciada.

FUNDAMENTO DE DEREITO SÉTIMO.- Sobre a alegación de discriminación e a necesidade de indicios fundados.

A invocación dunha conduta discriminatoria obriga ao órgano disciplinario a actuar con especial dilixencia, mais non permite sancionar sen base probatoria.

A regra de distribución dinámica ou inversión da carga probatoria en materia de discriminación require a achega inicial de indicios fundados. Cando o único feito que constituiría o indicio discriminatorio é precisamente a frase controvertida, negada polo denunciado e non percibida por árbitros nin corroborada por terceiros, non pode producirse unha inversión automática da carga da proba que obrigue ao denunciado a probar que non pronunciou a expresión.

Dito doutro modo: a condición nacional ou orixe persoal do denunciante é un dato relevante para cualificar a frase se esta quedase acreditada, pero non acredita por si mesma que a frase fose efectivamente pronunciada.

A protección fronte á discriminación no deporte e a presunción de inocencia non son principios contrapostos. A primeira obriga a investigar e reaccionar fronte a condutas acreditadas ou suficientemente indiciadas; a segunda impide sancionar cando, tras o trámite oportuno, só permanece unha imputación non corroborada fronte a unha negativa expresa.

FUNDAMENTO DE DEREITO OITAVO.- Consecuencia xurídica: arquivo da denuncia fronte a D. Lucas Collazo Mosquera.

A consecuencia procedente non é declarar falsa a denuncia de D. Carlos Malatesta Álvarez, nin afirmar que o feito non puidese ter

ocorrido, senón declarar que, no marco deste expediente disciplinario, non quedou suficientemente acreditado.

A resolución de arquivo responde, polo tanto, ao estándar propio do dereito sancionador: ante a insuficiencia de proba de cargo bastante, procede a declaración de inexistencia de responsabilidade disciplinaria.

Por iso, procede archivar as actuacións seguidas fronte a D. Lucas Collazo Mosquera pola denuncia formulada por D. Carlos Malatesta Álvarez, sen imposición de sanción.

FUNDAMENTO DE DEREITO NOVENO.- Sobre a denuncia formulada polo Real Club Náutico de Vigo fronte a D. Carlos Malatesta Álvarez.

Distinta consideración merece o escrito presentado polo Real Club Náutico de Vigo no que solicita a apertura de expediente fronte a D. Carlos Malatesta Álvarez.

A devandita denuncia presenta tres notas que impiden a súa admisión como expediente disciplinario autónomo neste trámite:

Primeira.- É unha denuncia reactiva e instrumentalmente vinculada ao expediente xa incoado.

A denuncia do Real Club Náutico de Vigo non se formula de maneira inmediata tras os feitos nin a través da canle ordinaria de incidencia arbitral, senón unha vez incoado o expediente pola denuncia de D. Carlos Malatesta Álvarez e tras recibir o club e o xogador visitante traslado da imputación efectuada contra este último.

O órgano disciplinario non pode ignorar a secuencia procedemental.

A denuncia do club aparece funcionalmente conectada á defensa do xogador denunciado, pretendendo transformar un trámite de audiencia nunha sorte de reconvención disciplinaria fronte ao denunciante inicial.

A potestade disciplinaria non pode ser empregada como instrumento de compensación procesual nin como mecanismo de presión fronte a quen exerceu unha facultade de denuncia, salvo que existan elementos obxectivos, autónomos e suficientes que xustifiquen a incoación dun expediente propio.

Segunda.- É extemporánea para a canle ordinaria de incidencias de xogo ou competición.

O artigo 22 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN configura o procedemento ordinario como un procedemento de reacción inmediata, orientado a garantir o normal desenvolvemento da competición e a resolver con rapidez as incidencias derivadas das regras de xogo ou competición.

Os feitos que agora denuncia o Real Club Náutico de Vigo eran plenamente coñecidos polo propio club, polo xogador afectado e polo seu corpo técnico desde o mesmo día 10 de maio de 2026. Se realmente se trataba dunha agresión, ameaza ou conduta disciplinariamente autónoma de especial gravidade producida durante o encontro, no saúdo final ou na súa contorna inmediata, debeu ser posta de manifesto de forma inmediata ante o equipo arbitral, a mesa ou a FEGAN, a fin de permitir a súa axeitada constatación, contradición e tramitación ordinaria.

Non consta que tal denuncia autónoma se formulase no momento dos feitos, nin que se interesase a súa constancia específica na acta, nin que se remitise de maneira inmediata parte ou informe federativo separado.

Terceira.- Carece dun mínimo soporte autónomo suficiente para
abrir un expediente distinto.

O escrito do Real Club Náutico de Vigo contén unha narración de parte e unha relación de posibles testemuñas, pero non achega declaracións asinadas, informes arbitrais, gravacións, partes de incidencias nin documento externo que permita afirmar, sequera indiciariamente, que procede incoar un novo procedemento sancionador.

A simple enumeración de persoas que poderían declarar non converte automaticamente unha denuncia reactiva nunha denuncia disciplinaria suficientemente motivada. A incoación dun procedemento sancionador esixe un mínimo principio de verosimilitude autónoma, especialmente cando os feitos denunciados se presentan despois de iniciado un procedemento previo e en directa conexión defensiva con este.

A maior abundamento, o anexo arbitral si recolle o episodio do saúdo final, pero faino en termos distintos aos sostidos polo Real Club Náutico de Vigo: límitase a indicar que o xogador nº 12 local se encara e recrimina as supostas actitudes anteriores, e que o xogador visitante evita o conflito tratando de pasar de longo. Non se recolle agresión física, ameaza expresa, intervención disciplinaria arbitral nin incidencia que determinase medida ningunha durante ou tras o encontro.

En consecuencia, o escrito do Real Club Náutico de Vigo debe ser valorado como alegación contextual de defensa dentro do presente expediente, pero non como denuncia idónea para incoar un expediente autónomo fronte a D. Carlos Malatesta Álvarez.

FUNDAMENTO DE DEREITO DÉCIMO.- Principio de prudencia disciplinaria e protección do clima competitivo.

A presente resolución non descoñece a tensión producida entre ambos xogadores nin a necesidade de preservar un clima competitivo respectuoso.

Precisamente por iso, procede lembrar a ambos clubs e aos seus deportistas que a competición federada esixe respecto recíproco, contención verbal e cumprimento estrito das indicacións arbitrais. As eventuais discrepancias ou reproches derivados de lances do xogo deben canalizarse polas vías federativas correspondentes, sen enfrontamentos persoais, provocacións nin actuacións que poidan intensificar conflitos entre deportistas.

Non obstante, a función disciplinaria non pode converterse nunha resposta automática a todo conflito verbal cando o material probatorio dispoñible non permite fixar feitos sancionables coa certeza esixible.

RESOLUCIÓN

Por todo o exposto, este Xuíz Único da Federación Galega de Natación RESOLVE:

PRIMEIRO.- Declarar NON ACREDITADO, con suficiencia probatoria bastante para fundar responsabilidade disciplinaria, que o xogador do Real Club Náutico de Vigo D. LUCAS COLLAZO MOSQUERA pronunciase contra o xogador do C.W. Lugo D. CARLOS MALATESTA ÁLVAREZ a expresión "vete ao teu país", "Por que non te vas ao teu país?" ou calquera outra expresión de contido discriminatorio por razón de orixe ou nacionalidade.

En consecuencia, acórdase o ARQUIVO das actuacións disciplinarias seguidas fronte a D. LUCAS COLLAZO MOSQUERA, sen imposición de sanción.

SEGUNDO.- Non admitir a trámite, como denuncia disciplinaria autónoma, o escrito presentado polo REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO fronte ao xogador D. CARLOS MALATESTA ÁLVAREZ, por tratarse dunha denuncia formulada de maneira tardía respecto da canle ordinaria de incidencias de competición, reactiva á denuncia inicialmente presentada fronte ao seu xogador, carente de soporte probatorio autónomo suficiente e materialmente reconducible ao ámbito das alegacións defensivas xa valoradas neste expediente.

En consecuencia, non procede a incoación de expediente disciplinario autónomo fronte a D. CARLOS MALATESTA ÁLVAREZ polos feitos denunciados polo Real Club Náutico de Vigo.

TERCEIRO.- Advertir a ambos clubs e aos deportistas implicados de que deberán extremar no sucesivo a observancia dos principios de respecto, deportividade, contención verbal e canalización federativa das incidencias, evitando calquera comportamento que poida perturbar o normal desenvolvemento da competición ou afectar á dignidade dos participantes.

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución ao C.W. LUGO, ao REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, a D. CARLOS MALATESTA ÁLVAREZ e a D. LUCAS COLLAZO MOSQUERA.

Contra a presente resolución cabe recurso ante o Comité de Apelación da FEGAN no prazo de dez días, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co artigo 17.3 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

En lugar e data ut supra,

José-Antonio Nóvoa

Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense nº 2.623

Xuíz Único Comité de Competición da FEGAN

Firmado dixitalmente